




REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 06/03/2020 14:46:46

SAIDA **3167/20**



Reclamante: [REDACTED] en representación de [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 21/2020

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vistas ás reclamacións presentadas por [REDACTED] en representación de [REDACTED] mediante escrito do 3 de febreiro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación de [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 3 de febreiro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno contra a inadmisión da súa solicitude presentada ante a Consellería de Cultura e Turismo, de consulta e copia da documentación pública relacionada co xacemento [REDACTED] [REDACTED].

A entidade reclamante manifesta que, con data do 14 de xaneiro de 2020, solicitou á Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo, consulta e copia da documentación pública en poder da Consellería de Cultura e Turismo relacionada co xacemento [REDACTED]), ubicado na



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

[REDACTED] e con data do 29 de xaneiro de 2020, a dita Consellería comunicálles que a solicitude non foi admitida, dado o volume de documentación xerada por este xacemento ao longo do tempo.

Consideran que con independencia do volume da documentación solicitada está o seu dereito a acceder a dita documentación.

Os escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, do DNI do representante e da acreditación da súa representación.

Segundo. Con data 6 de febreiro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Cultura e Turismo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data 19 de febreiro de 2020 a Consellería de Cultura e Turismo contesta á petición remitindo o informe solicitado sen remitir copia do expediente instruído.

No informe a Xefatura Territorial da Consellería manifesta que o volume de documentación xerada en relación co xacemento en diversos departamentos da Consellería, fai inabarcable acceder á pretensión do solicitante.

Alega a Consellería que ademais existe unha dificultade engadida, derivada da falta de concreción temporal da solicitude por parte da Asociación, polo que esta a solicitar documentación xerada dende o ano 1991, sistematizada e arquivada ao longo destes anos de xeito moi diverso, polo que sería necesario o desprazamento do persoal do departamento competente ao arquivo correspondente, así como a revisión dunha cantidade de documentación moi extensa en distintos departamentos da Consellería en distintas cidades, para comprobar se existe algúna referencia ou conexión co xacemento arqueolóxico, polo que considera que a solicitude é abusiva de acordo co disposto no artigo 18.1.e) da Lei 19/2013.

Considera a Xefatura Territorial que resulta evidente que a solicitude non está xustificada coa finalidade da Lei.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 20 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e

previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

De acordo coa información que figura no expediente, a Resolución da Consellería de Cultura e Turismo é do 29 de xaneiro de 2020 e a reclamación ten data de entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 3 de febreiro, polo que debe admitirse por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, implica odereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública.

A Xefatura Territorial considera no seu informe que a inadmisión está xustificada, por canto o volume de documentación xerada dende o ano 1991 en relación co xacemento arqueolóxico en diversos departamentos da Consellería de Cultura e Turismo, fai inabarcable acceder á pretensión do solicitante, e considera como problema principal a falta de concreción temporal da solicitude, a pesar de que recoñece que a documentación está *sistematizada e arquivada* ao longo destes anos, áinda que *de xeito moi diverso*.

A falla de concreción temporal da solicitude, unido ao feito de que a información se atopa en varios departamentos, non pode considerarse como xustificante para a inadmisión dunha solicitude de acceso á información. Se unha solicitude está formulada de forma inconcreta ou xenérica, a Xefatura Territorial ten a obriga, de conformidade co disposto no artigo 19.2 da Lei 19/2013, de solicitar á entidade interesada que a concrete no prazo de dez días, con indicación de que en caso de que non o faga, se terá por desistido á entidade interesada da súa solicitude.

Respecto do volume da información ou o feito de que esta se atope en distintos departamentos da Consellería en distintas cidades, esta circunstancia pode xustificar, como establece o artigo 20.1 da Lei 19/2013, unha ampliación do prazo para resolver, pero non a inadmisión da solicitude, xa que nin o volume, nin o feito de que a información se atope en distintos departamentos, se atopan entre as causas de inadmisión que establece o artigo 18 da referida Lei, e menos no caso de que a información, como se recoñece no informe, esta *sistematizada e arquivada*.

En canto ao carácter abusivo da solicitude, a interpretación ofrecida polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no Criterio Interpretativo 3/2016 que se cita no informe, asocia o carácter abusivo da solicitude co feito de que non estea xustificada coa finalidade da Lei. Deste xeito establece o consello que unha solicitude pode entenderse abusiva, entre outros supostos, cando de ser atendida, requira un tratamento que obligase a paralizar o resto da xestión dos suxeitos obrigados a fornecer información, impedindo a atención xusta e equitativa do seu traballo e o servizo público que teñen encomendado, e así resulte de acordo cunha ponderación razoada e baseada en indicadores obxectivos. No presente caso, nin na resolución de inadmisión, nin no informe remitido, existe ponderación razoada algúns, máis alá de alegar a causa de inadmisión.

As Administracións e entidades que apliquen esta causa de inadmisión deberán, como ocorre ante calquera outra, motivar debidamente a súa resolución, de acordo cunha ponderación razoada e baseada en indicadores obxectivos. Non é suficiente, como se di na resolución, afirmar que *resulta evidente* que a solicitude non se axusta á finalidade da Lei. Unha resolución de inadmisión deberá fundarse en indicadores obxectivos, atendendo a criterios de sentido común en relación co contexto no que se sitúa e que non case coa finalidade da norma, cal é proporcionar unha maior transparencia á actividade desenvolvida polos organismos públicos, correspondendo á entidade que pretenda inadmitir a solicitude, a achega das razóns que xustifiquen a concorrencia da circunstancia subxectiva de ausencia de finalidade seria e lexítima e a obxectiva de exceso no exercicio do dereito; razóns que no presente caso non se dan, polo que procede a estimación da reclamación presentada.

No referente a que non é posible achegar o expediente para o seu estudo pola Comisión da Transparencia de Galicia, debe lembrarse a obriga, de conformidade co disposto no artigo 35

da Lei 1/2016, de facilitar á Comisión a información que se lle solicite para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia, polo que, se ben se entende que non se remita o expediente obxecto da solicitude, si debería terse remitido o expediente da solicitude de acceso á información do que esta reclamación trae causa.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación [REDACTED] con data do 3 de febreiro de 2020, contra a inadmisión da súa solicitude presentada ante a Consellería de Cultura e Turismo, de consulta e copia da documentación pública relacionada co xacemento [REDACTED]
[REDACTED].

Segundo: Instar á Consellería de Cultura e Turismo a que, previo requerimento de concreción da solicitude, e se procede ampliación do prazo para resolver, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 20 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Consellería de Cultura e Turismo, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles dende que se responda á petición de información, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 221/2020, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

76706870F Firmado digitalmente
por 76706870F MARIA
MARIA DOLORES DOLORES FERNANDEZ
FERNANDEZ (R: (R: S6500009C)
S6500009C Fecha: 2020.03.06
09:36:41 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.